



BANDO

SOBRE A OBRIGA DE MANTER OS TERREOS E SOLARES NAS DEBIDAS CONDICIÓNS DE LIMPEZA E EVITAR ASÍ O RISCO DE INCENDIO, ANTES DO REMATE DO MES DE XUÑO.

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Coa chegada da tempada estival e o aumento do perigo de risco de incendio, lémbrese a á veciñanza de Ponte deume a obriga de manter os terreos e propiedades nas debidas condicións de seguridade e salubridade, conforme ao establecido na vixente “*Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Ponte deume*” (BOP nº 170 de 07.09.2021), que establece nos seus artigos 6 e 7.1, o seguinte:

“Artigo 6.- Xestión da Biomasa

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa das súas fincas conforme aos criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder a súa desinfección e desratización periódica. Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na súa última redacción, existirán unha serie de obrigas de xestión da biomasa aplicables aos terreos situados no monte e na súa zona de influencia forestal, de acordo cos criterios estipulados na presente ordenanza.

Artigo 7.- Criterios de Xestión da Biomasa

*1- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, **antes do 30 de xuño de cada ano.***

...//...”

Por este motivo recórdase ás persoas propietarias o carácter normativo da Ordenanza Municipal, que establece a obriga de manter os terreos e propiedades nas debidas condicións de seguridade e salubridade.

Dito o anterior, no caso de que se detecte un incumprimento do establecido na Ordenanza, tramitarase a correspondente orde de execución dos traballos, ou ben a execución subsidiaria, ademais de tramitar o correspondente expediente sancionador, conforme ao disposto na normativa.

Ponte deume, 4 de marzo de 2022.

O Alcalde Presidente

Bernardo Fernández Piñeiro